



UNIVERSIDADE
DE VIGO

DOG DO 16 DE XUÑO

**RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE
DE VIGO DE DATA 26 DE MAIO DE 2009
POLA QUE SE CREAN FICHEROS DE
CARÁCTER PERSOAL**

O artigo 20 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderá facer por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

A Universidade de Vigo aprobou a regulación dos ficheiros Alumnos, Contabilidade e Persoal publicados no BOE do 15 de agosto de 1995 e tamén os seguintes: Rexistro, Extensión universitaria, Xestión académica de cursos de posgrao, Saum, Telefonía, Usuarios e Riga publicados no DOGA do 14 de novembro de 2005. Pero tanto os cambios aconsellados pola Lei e polo transcurso do tempo como a implantación de medidas de seguridade na Universidade de Vigo fan necesario a publicación de modificacións nos mencionados ficheiros.

Por razón e co fin de que se cumpra o mandato legal do artigo 20 da LOPD sobre a creación e a modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade, de asegurarlles aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos, e por canto sucede, unha vez transcorrido o prazo de alegacións, e logo de cumprir os trámites establecidos na Lei 8/2001 de 13 de xullo e o Decreto 99/2002 do 1 de xullo, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no anexo I.

Segundo. Os ficheiros indicados no anexo rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan para cada un deles, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lles sexan aplicables.

Terceiro. Ademais das cesións previstas para cada un dos ficheiros, estas pódense realizar sempre que así se recolla nunha norma ou para os efectos de remitirles datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades e cos límites establecidos na Lei.

Cuarto. Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Vigo, 26 de Maio de 2009

O REITOR

Alberto Gago Rodríguez

ANEXO I

SERVIZOS BIBLIOTECA

- a) **Identificación do ficheiro:**
 - a.1) **Denominación do ficheiro:** SERVIZOS BIBLIOTECA.
 - a.2) **Finalidade:** Xestión contable fiscal e administrativa, educación e cultura, fins históricos, estatísticos ou científicos e outras finalidades.
 - a.3) **Usos previstos:** Préstamo de documentos, préstamo interbibliotecario, consulta de documentos non publicados, cesión de espazos e equipamento bibliotecarios ós usuarios e servizo de referencia, recollida de suxestións e reclamacións dos usuarios, xestión económica e administración das adquisicións de recursos.
- b) **Orixe dos datos:**
 - b.1) **Colectivos de persoas sobre os que se pretenden obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:** Empregados, Estudantes e Solicitantes.
 - b.2) **Procedencia:** O propio interesado ou seu representante legal.
- c) **Estrutura do ficheiro:**
 - c.1) **Datos identificativos:** NIF/DNI, Nome e apelidos, enderezo, teléfono, Sinatura/Impresión dixital, enderezo de correo electrónico.
 - c.2) **Outros tipos de datos:** Relacionados coa petición de servizos da Biblioteca Universitaria.
 - c.3) **Sistema de tratamento:** Mixto.
- d) **Comunicacións de datos previstas:** Non se prevén.
- e) **Transferencias internacionais de datos previstas:** Non se prevén.
- f) **Órganos responsables do ficheiro:** Biblioteca Universitaria. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.
- g) **Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO:** Biblioteca Universitaria, Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.
- h) **Nivel de seguridade:** Medio.

RRHH Biblioteca

- a) **Identificación do ficheiro:**
 - a.1) **Denominación do ficheiro:** RRHH BIBLIOTECA.
 - a.2) **Finalidade:** Recursos humanos.
 - a.3) **Usos previstos:** Xestión interna dos recursos humanos da biblioteca: xestión de vacacións, permisos, licencias, asuntos persoais e asistencia a cursos.
- b) **Orixe dos datos:**
 - b.1) **Colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:** Empregados.
 - b.2) **Procedencia:** O propio interesado ou seu representante legal.
- c) **Estrutura do ficheiro:**
 - c.1) **Datos identificativos:** NIF/DNI, Nome e apelidos, enderezo, Teléfono, Sinatura/Impresión dixital, enderezo de correo electrónico.
 - c.2) **Outros tipos de datos:** De características persoais, de circunstancias sociais e de detalles de emprego.
 - c.3) **Sistema de tratamento:** Mixto.
- d) **Comunicacións de datos previstas:** Non se prevén.
- e) **Transferencias internacionais de datos previstas:** Non se prevén.
- f) **Órganos responsables do ficheiro:** Biblioteca Universitaria. Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.
- g) **Órgano ante o que se poden exercer os dereitos ARCO:** Biblioteca Universitaria, Campus Universitario s/n, 36310 Vigo, Pontevedra.
- h) **Nivel de seguridade:** Básico.